



INTERNACIONALISTA

Porque para ACSUR a solidariedade está por riba de todo. Entendemos a solidariedade como unha relación entre iguais, non entre "donantes" e "beneficiarios". Entendemos a cooperación como un deber do Norte cara o Sur, como parte da reparación polos males causados polo colonialismo e a dependencia.

Facemos as nosas demandas, as propostas, as denuncias, a rebelión dos pobos do Sur contra a desigualdade que lles impón unha orde internacional inxusta.

CIDADÁ

Porque o noso obxectivo é activar a cidadanía para que participe na cooperación desde valores progresistas e laicos, para a transformación social e non para o asistencialismo, por razóns de dereitos, de solidariedade e de dignidade.

PARTICIPATIVA

Porque somos unha asociación na que decidimos os socios e socias, non unha fundación dirixida por un patronato. Somos pluralistas: dentro de ACSUR convivimos, con respecto e con debate, diferentes opinións e sensibilidades políticas e sociais. Buscamos acordar decisións comúns que orienten a vida da asociación por procedementos democráticos. Somos unha asociación que comparte os espazos de decisión e distribúe responsabilidades na xestión da área de traballo entre as organizacións territoriais de ACSUR nas comunidades autónomas. Un socio dixo un día que ACSUR era "unha organización amable". Gostamos desta definición e queremos cada día merecela.

POLÍTICA

Porque "facemos política" en ACSUR. Política desde a independencia de partidos, sindicatos ou calquera outra instancia que non sexan as nosas socias e socios.

Creemos que a eficacia da acción solidaria esixe tomar posición sobre todos os acontecementos que afectan as relacións entre o Norte e o Sur e fomentar a presión cidadá sobre as institucións públicas e privadas que teñen poder de decisión para que o exerzan en beneficio das maiorías sociais.

NOS MOVEMENTOS SOCIAIS

Que son os principios protagonistas das mais amplas e mellores iniciativas e da xestión de novas ideas e propostas para construír "outro mundo". Por iso somos parte activa do proceso do Foro Social Mundial.

FEMINISTA

Porque a igualdade entre homes e mulleres é un valor fundamental para ACSUR e a nosa práctica busca ser coherente con el. Por iso na nosa organización os dereitos das mulleres non son soamente o tema dalgúns proxectos de cooperación ou educación. Están presentes e activos en todo o noso traballo, porque somos conscientes de que para construír un mundo solidario hai que mudar radicalmente as relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

EN REDE

Porque entendemos a solidariedade como unha relación entre persoas e organizacións que se recoñecen iguais e traballan en común, cóbado con cóbado, no Norte e no Sur. Por iso formamos parte, entre outras redes internacionais, do Grupo Sur, Eurostep, Rede Euromed de Dereitos Humanos...

Así queremos construír un proxecto solidario compartido, baseado na aprendizaxe e apoio mutuo, que constrúa tecido social e solidario.

QUE É ACSUR-"LAS SEGOVIAS"?

A resposta mais simple sería: é unha Organización Non Governamental de Desenvolvemento. Mais esta resposta non nos gusta porque di pouco do que realmente somos, dos valores que orientan o noso traballo, do que facemos: os nosos proxectos de

cooperación, mais tamén accións de educación solidaria, a comunicación, o noso traballo en rede con organizacións, e nos movementos sociais, baseados no compromiso común por construír un mundo xusto, no que todas as persoas poidan vivir dignamente.

QUEREMOS QUE PARTICIPES.

Precisamos non simples cotizantes ou colaboradores: precisamos e procuramos persoas que se asocien a nosa acción, socios e socias que queiran compartir o noso compromiso solidario. Por iso vamos explicarche o que realmente somos.



ACSUR
LAS SEGOVIAS

Para ACSUR-LAS SEGOVIAS a solidariedade deber marchar por todos estes camiños. Queremos contar contigo. Non queremos venderche nada. Falemos do que poidamos facer en común.

www.acsur.org

QUERES COLABORAR?

Datos persoais:

Nome e apelidos: _____

Enderezo: _____

Poboación: _____

CP: _____ Provincia: _____

Profesión: _____ Teléfono: _____

NIF: _____

Quero colaborar coa asociación na área:

- Xuventude Migracións
 Mulleres Migracións
 Educación Proxectos de Desenvolvemento
 Administración Dereitos Humanos
 Comunicación _____

Ademais quero facerme socio/a de ACSUR coa cota:

- 20€ (cota trimestral mínima) 40€ anuais
 ___ (cota trimestral) (cota reducida especial)
 ___ (cota anual)

Quero facer unha doazón única para proxectos:

_____ euros

Modalidade de pago:

- Talón** a nome de ACSUR-LAS SEGOVIAS
 Transferencia a: Banc CENTRAL HISPANO
 0049-0001-53-211005557

Domiciliación bancaria:

Prego que con cargo á conta reseñada se sirvan pagar os recibos que presente ACSUR-LAS SEGOVIAS.

Aportación: _____ Trimestral Anual

Titular da conta: _____

Entidade	Oficina	DC	Nº Conta

Sinatura: _____

www.acsur.org

acsur@acsur.org

¿QUE FAI ACSUR-LAS SEGOVIAS?

Temos en curso máis de 60 proxectos de cooperación e máis de 20 de educación para a solidariedade e comunicación alternativa.

Traballamos en Arxentina, Bolivia, Brasil, Cuba, Ecuador, O Salvador, Guatemala, Fonduras, Marrocos, México, Nicaragua, Palestina, Panamá, Perú, República Árabe Saharhui Democrática, República Dominicana e no noso país. Realizamos programas rexionais no Mediterráneo e Centroamérica.

Os nosos sectores prioritarios correspóndense con necesidades sociais e co fortalecemento das organizacións de base: seguridade alimentaria, economía solidaria, protección do medio ambiente, hábitat sostible; saneamento; desenvolvemento comunitario; apoio aos pobos indíxenas; migracións; democracia participativa; defensa dos dereitos humanos; organización e formación dirixida a mozos e mozas; promoción dos dereitos das mulleres e potenciación do seu papel nas comunidades e, en xeral, na economía e política; turismo solidario, educación; sensibilización; comunicación, etc.

As mulleres de ACSUR temos unha organización específica: **ACSURAS** desde a cal promovemos valores e iniciati-

vas do conxunto da asociación. Tamén as e os mozos organizámonos en **ACSUR-mocidade**.

ACSUR publica libros, a revista **Cara ao Sur**, xunto coa edición en España de **Worldwatch**, folletos, o boletín **Estamos Traballando** que informa mensualmente a socios e socias das actividades que se realizan, etc.

A páxina web da organización, **www.acsur.org**, potencia a interactividade en todas as súas seccións e está concibida non como un instrumento de propaganda asociativa, senón como un medio de comunicación sobre as relacións Norte-Sur.

Todos os anos ten lugar a **Asemblea Xeral** da asociación na que delegados e delegadas elixidos democraticamente nas organizacións territoriais debaten e deciden sobre as tarefas da organización.

Cada catro anos sométese a consideración da Asemblea a estratexia que serve de orientación para o conxunto da vida asociativa.



CANTABRIA
Augusto González Linares, 8
39016 Santander
Tel.: +34 942 29 05 72
cantabria@acsur.org

MADRID
Cedaceros 9-3r Esquerri
28014 Madrid
Tel. i Fax.: +34 91 429 23 27
madrid@acsur.org

ASTURIAS
Instituto, 13, 1r
33201 Xixon
Tel. i Fax.: +34 985 35 13 50
asturies@acsur.org

CATALUNYA
Via Laietana, 45, Esc. A, 7è 3a
08003 Barcelona
Tel.: +34 93 317 86 07
catalunya@acsur.org

MÚRCIA
Hidalgo, 8
30005 Murcia
Tel.: +34 968 93 15 22
murcia@acsur.org

CASTILLA - LA MANCHA
Cascajoso, 9, 4t, CC
45007 Toledo
Tel.: +34 926 58 69 36
castillalamancha@acsur.org

PAÍS VALENCIÀ
Puerto Rico, 28, 1r 2a porta
46006 València
Tel. i Fax: +34 96 380 64 82
acsud.pv@nodo50.org

GALIZA
R/ Barcelona 37 1º A
151010 A Coruña
galiza@acsur.org
981 91 26 67

Entidade colaboradora
MUGARIK GABE
Zapatería, 31, 1r
31001 Pamplona (Navarra)
Tel.: +34 948 21 08 22
Fax: +34 948 21 27 58
mugarik@nodo50.org

OFICINA CENTRAL

Cedaceros 9-3r Esquerri. 28014 Madrid
Tel.: +34 91 429 16 61
Fax: +34 91 429 15 93
acsur@acsur.org

Oficinas rexionais

EL SALVADOR

Colonia Las Rosas, Av. Las Flores 4-B
San Salvador (El Salvador)
Tel.: +503 2 211 48 05
Fax: +503 2 274 44 79
elsalvador@acsur.org

GUATEMALA

7a Avenida 7-43 Zona 2
Ciudad de Guatemala (Guatemala)
Tel.: +502 2 254 76 47
Fax: +502 2 254 13 86
guatemala@acsur.org

NICARAGUA

De la Vicky 2c. al sur, 1c. arriba,
1c. al sur.
Casa 313.
Altamira d'Este.
Managua
Tel.: +505 270 54 33 / 36 17
Fax: Extensión 17
nicaragua@acsur.org

CUBA

Parada nº 2, entre Mármol y Martí
85100 Bayamo (Cuba)
Tel.: +53 23 42 73 63
Fax: +53 23 42 22 57
cuba@acsur.org

BOLIVIA

Méndez Arcos, 785.
Sopocachi. La Paz (Bolivia)
Tel: +591 2 2419378
Fax: +591 2 2410383
bolivia@acsur.org

PALESTINA

P.O. Box 274
91000 Jerusalem
Tel.: +972 (0) 2 583 76 48
Móvil: +972 (0) 54 56 53 918
palestina@acsur.org

MARRUECOS

+212 3 994 87 95
marruecos@acsur.org

BRASIL

brasil@brasil.org

(ACSUR) *
LAS SEGOVIAS

**IINTERNACIONALISTA
CIDADÁ
PARTICIPATIVA
POLÍTICA
MOVEMENTOS SOCIAIS
FEMINISTA
EN REDE**



ACSUR
LAS SEGOVIAS